

**Comentarios subidos á Aula Virtual do IES Sánchez Cantón no curso 2012-2013**  
**As sete mortes**

Cando comecei a ler a novela, o primeiro que pasou pola miña cabeza foron malas sensacións. Uns cambios de narración moi rápidos, bastantes personaxes, un guión que non me acababa de convencer ... pero co tempo a cousa foi cambiando. A trama poñíase cada vez máis interesante, comecei a entender mellor o que pasaba, e os cambios de narrador ... pois coma que para min é o mellor da novela. Este poder ver o que pasa desde perspectivas distintas enriquece moito a novela, pois cando estás vendo o que pasa cunha personaxe, ao rato ves o que pasa coa investigación que fan os outros, o que fai máis cómoda e menos monótona a lectura. Aínda a todo o bo que me deixou este libro, creo que a idea podería haber dado para algo máis, sendo ás veces demasiado irreal o que está acontecendo. Ben sei que a novela non intenta ser realista, é máis, é de ficción, pero creo que podería haber feito un pouco máis realista a historia. Tamén penso que debería haber sido un final aberto, pois penso que nestas novelas é o ideal. Outros "pros" que podería poñer da novela son que está ambientada en Galicia: transcorre sempre na comunidade, a historia esta ambientada no suposto creador de Galicia (Breogán) ...

Por todo isto, a novela deixoume un sabor un tanto amargo, pois hai cousas que gustáronme moito, e outras que non me acabaron de convencer. Malia todo, penso que gustoume máis que desgustarme, pois conseguiu que a lese pese á súa longa duración. **(Carlos)**.

*As sete mortes* é unha historia ficticia na que se introduce a historia, como ocorre con Breogán. Este libro é o típico que tan só quere contar unha historia, neste caso, unha mezcla de mitoloxía celta e ficción. O que mais sorprendeume do libro é o final, xa que non era o que esperaba. Pódese dicir que gustoume, pero non porque ao final fose Natalia o personaxe importante senon porque a historia deu un xiro. A miña parte favorita é, sen dúbida, a huida de Xacobe e Natalia do hospital, xa que ali é onde sospeitase de Varona, cando mata a Laura coa xiringa, pero non de que é o druida, só de que pertence a trama da historia celta.

A parte do libro que menos gustoume foi o principio, xa que non comprendía nada do que pasaba. Isto débese a que contábanse dúas historias paralelas, a de Laura e a de Xacobe, levoume uns capítulos descubriro.

Para o meu gusto o libro está ben aínda que é un pouco estraño e o principio é difícil de comprender, pero segundo avanza a historia "enganchaste" mais. A min pareceume que o libro era como unha película narrada, tal vez sexa porque o autor, Carlos Vila Sexto, ademais de escritor tamén é guionista da televisión. **(Miguel)**